

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR, EN RÉXIME LABORAL FIXO, UNHA PRAZA DE EDUCADOR FAMILIAR INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2005.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto a presente convocatoria cubrir, en réxime laboral fixo, unha praza de EDUCADOR FAMILIAR incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2005 (B.O.E. Nº108 de 06/05/05, e corrección de erro BOE nº 128, de 30/05/05) e dotada coas retribucións establecidas no Orzamento Municipal.

As probas selectivas regularanse polas presentes bases, e o non previsto nelas, polo establecido na normativa básica: artigo 19.1 da lei 30 /1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública., e artigos 21.1 g), 91.2, e 103 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Na normativa autonómica: artigo 249 da lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; Lei 4/1998, de 26 de maio, da función pública de Galicia; e Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia.

E na normativa non básica, aplicable con carácter supletorio: artigo 177 do RDL 781/1986, de 18 de abril. Disposición adicional 2ª do Real Decreto 896/91 de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e artigos 28 a 34 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado.

SEGUNDA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de CONCURSO DE MÉRITOS en atención á natureza específica do posto, e ao abeiro do disposto no artigo 249 da lei 5/97, de administración local de Galicia.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

3.1.- Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuí-la nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión europea ou dalgún dos estados os que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado constitutivo da Unión europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade.
- c) Estar en posesión do título de: Psicólogo, Pedadogo, Psicopedagogo, Educador Social, Traballador social ou Diplomado en EXB, e aos habilitados/as como educador social polo Colexio de Educadores Sociais de Galicia pola vía do artigo 3 e/ou disposición transitoria 2ª da lei 1/2001,.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario ou resolución xudicial firme do servizo das Administracións Públicas, nin se encontrar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas
- e) Non atoparse incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f) Non padecer enfermidade, nin defecto físico, ou psíquico incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- g) Estar en posesión do carné de conducir da clase B, e dispor de automóvil en condicións de polo ó servizo da función a desenvolver.

- h) Ter ingresado na Tesourería municipal do Concello a cantidade de 25,00 euros en concepto de dereitos de exame.

Os requisitos anteriores deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias e conservarse, cando menos, ata a data da súa contratación.

CUARTA.- SOLICITUDES

4.1.- As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas, deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente deste Concello segundo modelo oficial que será facilitado nas Oficinas Xerais do Concello.

A instancia presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da lei 30/92, de 26 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días naturais contados dende o seguinte ó da publicación do extracto do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado

4.2.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación :

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I..
- b) Certificado médico oficial que acredite os extremos sinalados na Base 3.
- c) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas en virtude do expediente disciplinario nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- d) Carta de pagamento ou xustificante acreditativo do ingreso en Tesourería municipal da cantidade de 25,00 euros en conceptos de dereitos de exame
- e) Orixinais ou copias compulsadas ou cotexadas da documentación acreditativa dos méritos alegados. Tales méritos xustificaranse mediante certificacións ou acreditación documental suficiente e no suposto de que, a xuízo do Tribunal, a xustificación do alegado non sexa bastante, procederá a instar a acreditación necesaria o interesado que deberá achegala en prazo de tres (3) días

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo máximo dun mes, que será publicada no B.O.P.e no Taboleiro de Anuncios do Concello , indicando a relación de aspirantes admitidos e excluídos, si é o caso, con causas de exclusión e coa indicación dun prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, subsanación de defectos e mellora de solicitudes nos termos definidos no artigo 71 da lei 30/92.

5.2.- As reclamacións que se presenten serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que sexa publicada de igual forma que a provisional, contendo a composición do tribunal así como o lugar, día e hora de constitución do tribunal, e de valoración de méritos. Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

SEXTA.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

6.1.- O Tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidente.- O da Corporación ou membro da mesma en quen delegue.

Secretario.- O da Corporación ou membro en quen delegue, con voz e voto.

Vocais:

- Un membro da Corporación Municipal pertencente ó grupo da oposición.
- Un técnico en Servizos Sociais nomeado polo Alcalde-Presidente.
- Un funcionario de carreira nomeado polo Alcalde-Presidente.
- Un representante sindical dos funcionarios do Concello.
- Un representante da Xunta de Galicia.

Os membros anteriores, deberán estar en posesión como mínimo, da mesma titulación oficial da requerida para o acceso a praza que se convoca. Os membros terán voz e voto, nomeándose para cada un deles o respectivo suplente.

6.2.- Os membros do tribunal cualificador deberá absterse cando concurra algunha das circunstancias previstas no art. 29 do P.A.C. .

6.3.- Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando se dé algunha das circunstancias previstas no artigo 29 do P.A.C. .

6.4.- O tribunal non se poderá constituir nin actuar, sen presenza, cando menos, de maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente do Tribunal e da Secretaria do mesmo.

SETIMA.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO.

O sistema de selección, como se expresa na Base Segunda da presente Convocatoria, será de concurso específico en atención á natureza específica do posto de traballo a cubrir.

Calificación dos méritos presentados en tempo e forma.-

A calificación dos méritos realizarase de acordo co correspondente baremo en función da documentación achegada polos aspirantes, non sendo obxecto de valoración aqueles méritos que non se houberen presentado en tempo e forma.

O baremo que será utilizado para a calificación dos méritos é o seguinte:

7.1.-Antigüidade: Por servizos prestados na Administración Pública como educador familiar, por cada ano ou fracción superior a seis meses: 0,50 Puntos ata un máximo de 3,5 puntos.

Dito mérito se acreditará mediante a presentación de certificacións das Administracións correspondentes nas que se indique o tempo e posto de traballo desempeñado (especificando a dedicación ó programa).

7.2.-Cursos de formación e perfeccionamento: Pola participación en cada curso relacionado coas funcións a desenvolver, impartidos pola INAP, EGAP ou calquera outro Centro Oficial autorizado (Sindicatos...) para impartirlos, incluídos os organizados ou promocionados pola corporación de que se trate de acordo co seguinte cadro:

- Por cada curso de 60 horas de duración como mínimo, e se a duración non se especificase, de 10 xornadas como mínimo- 0,30 Puntos
- Por cada curso de entre 30 e 59 horas de duración como mínimo, e se a duración non se especificase, de 5 a 9 xornadas como mínimo- 0,20 Puntos
- Por cada curso de 10 a 29 horas de duración como mínimo, e se a duración non se especificase, de 2 a 4 xornadas como mínimo- 0,10 Puntos

Dito mérito se acreditará mediante a presentación de certificacións ou diplomas acreditativos da realización dos cursos

7.3 Cursos de Aproveitamento. Por cada curso de aproveitamento un mínimo de 0,40 Puntos podendo ser incrementada a súa valoración tamen en función do seu número de horas lectivas segundo a táboa anterior, non podendo exceder en todo caso de 0,5 punto máximo por curso. A estes efectos entenderanse como curso de aproveitamento aqueles nos que se esixen un examen final para a obtención do diploma.

Dito mérito se acreditará mediante a presentación de certificacións ou diplomas acreditativos da realización dos cursos e a calificación no mesmo

Os puntos 7.2 e 7.3 anteriores serán puntuados conxuntamente ata un máximo de 5 puntos.

7.4 Coñecemento da lingua galega:

- Por superar o curso de iniciación-0,25 Puntos

- Por superar o curso de perfeccionamento-0,50 Puntos
- Por curso de linguaxe administrativa básica: 0,75 puntos.
- Por curso de linguaxe administrativa media: 1 punto.
- Por curso de linguaxe administrativa superior: 1,5 puntos.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Dito mérito acreditarase mediante a presentación de certificacións ou diplomas acreditativos da realización dos cursos.

7.5. No caso de producirse empate entre as puntuacións máis altas que resulten ó valorar os méritos, o tribunal procederá á realización dunha proba de carácter práctico que versará sobre o coñecemento do posto de traballo a desenvolver. Neste caso notificará as persoas interesadas, polo menos con 48 horas de antelación, data, o lugar e hora de celebración da proba.

A proba, no caso de que se leve a cabo, valorarase ata un máximo de 5 puntos.

OITAVA.- CALIFICACIÓN DEFINITIVA E RELACIÓN DE APROBADOS

8.1.- A calificación obtida polo aspirantes é a resultante da suma dos puntos desglosados no baremo establecido na Base Sétima da presente convocatoria.

8.2.- A contratación efectuarase por resolución motivada de Alcaldía logo da proposta do Tribunal que propondrá o candidato que mais puntuación obtivese do máximo posible. Para efectuar esta proposta, o Tribunal poderá pedir informes ou asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

8.3.- O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

NOVENA.- DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes bases, expóranse ao público durante o prazo de presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ou formular recusación contra os membros do tribunal. No suposto de presentación de reclamacións non se suspenderá o prazo de presentación de instancias para a participación no concurso específico e a selección non se demorará

A presente convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven dela, e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo.

Caldas de Reis, 13 de febreiro de 2006.

O ALCALDE-PRESIDENTE.

